

Programa de Desenvolvemento Estratéxico

Facultade de Belas Artes

Período de validez do Programa: 2025-2026

Data de aprobación da Comisión de Calidade: 19/02/2025

Data de aprobación na Xunta de Facultade: 25/02/2025

Índice

Presentación	3
Participantes	4
Antecedentes	4
Diagnose da situación do centro e as titulacións	5
Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa	9

Presentación

O equipo decanal da Facultade de Belas Artes manifesta o seu compromiso coa calidade, a excelencia e a mellora continua do centro e, particularmente, coas titulacións impartidas no mesmo, así como coa importancia da posta en marcha dunha estratexia abordada de forma participativa e colaborativa tendo en conta o contorno do centro e os seus principais retos de fronte ó futuro.

A titulación de Graduado en Belas Artes da UVigo sitúase no Campus de Pontevedra é o único centro de ensinanza superior que ofrece estes estudos, tanto dentro do ámbito territorial exclusivo do Sistema Universitario de Galicia como na zona noroeste do estado español. A importancia da arte no contexto da cultura e a sociedade contemporánea resulta indiscutible. A arte é, non só un profundo reflexo da sociedade, senón un dos seus axentes fundamentais, contribuíndo á creación e á transmisión cultural, sendo unha das súas bases fundamentais. O contido do grao está pensado e programado para aqueles estudantes que queiran dedicarse, profesionalmente, ao ámbito das artes.

No curso 2025/26 iniciarase un novo Máster en Creación Artística Contemporánea, que nace co obxectivo básico de confluír tarefas de investigación e creación artística no ensino de posgrao, permitindo ao alumnado unha formación de carácter especializado e multidisciplinario. Estará centrado na investigación a través da práctica, polo que o proceso creativo está contido no resultado final da obra artística.

O programa de Desenvolvemento estratéxico do Centro estrutúrase, de xeito análogo ó Plan estratéxico da UVigo (2021-2026), arredor de cinco eixes estratéxicos (a formación, a investigación e transferencia, os membros da comunidade universitaria, a organización e recursos e a relación coa sociedade) nados do espírito de servizo e mellora que debe caracterizar unha institución xeradora e transmisora de coñecemento que, en última estancia, está ao servizo da cidadanía.

Participantes

Buxán Bran, Xosé Manuel	Decano do centro Coordinador do Máster en Creación Artística Contemporánea
Liste Fernández, Araceli Mercedes	Coordinadora de Grao do centro Coordinadora de Calidade
Fariña Busto, María José	Secretaria do centro
Matesanz Pérez, María Consuelo	Enlace de igualdade
Fernández Fariña, María Almudena	Directora do Departamento de Pintura Representante do profesorado
Bermejo Arrieta, María Natividad	Directora do Departamento de Escultura
Bandera Vera, Antonio María	Director do Departamento de Debuxo
Durán Campos, Carlos Denis	Representante do estudantado de grado
Vázquez López, Iria	Representante do estudantado egresado
Gallego Ruza, María Luz	Representante do PAS

Antecedentes

No ano 2021 a Universidade de Vigo presenta o Plan estratéxico (2021-2026). Durante este período, a Facultade de Belas Artes do Campus de Pontevedra percorre un camiño que afecta profundamente o centro de ensinanza e, en consecuencia, a súa docencia. O motivo fundamental xurde de que a Universidade de Vigo aprema a Facultade a acoller a formación práctica da nova titulación de Grao en Deseño da Universidade de Vigo, incluíndo o Máster en Deseño e Dirección Creativa en Moda. Este máster dependía da Facultade de Belas Artes desde a súa creación, pero cá creación da Facultade de Deseño intégrase nela.

Estes cambios afectaron considerablemente ó día a día do traballo no centro, polo que foi necesario centrar a atención neles.

O equipo decanal considera que o proxecto estratéxico debe abordar só o curso (2025-26) polos seguintes motivos:

1. O actual estado de transformación do centro.

Desde o ano 1994, desenvólense estudos de grao e posgrado en Belas Artes.

Os motivos do estado actual de transformación veñen dados porque no ano 2022 na Universidade de Vigo da comezo o primeiro curso do Grao en Deseño coa creación da Facultade de Deseño; En consecuencia aprémase ao centro da Facultade de Belas Artes a incorporar nela a docencia práctica da Facultade de Deseño, recen creada, debendo axustar e facer posible que, no centro onde desenvólvese a docencia das Belas Artes fai 31 anos, incorpórense os ensinamentos dunha nova titulación.

Hoxe estamos inmersos en estudos sobre as infraestruturas do centro, a utilización dos talleres, o equilibrio de horarios e problemas derivados da convivencia de dúas Facultades nun mesmo centro. O primeiro obxectivo é que a incorporación da formación práctica da nova Facultade de Deseño non altere a docencia que se vén desenvolvendo na Facultade de Belas Artes. As dificultades cas que nos enfrontamos fan imprescindible facer unha análise profunda para obter, no posible, unha boa engrenaxe no actual e no futuro funcionamento do centro.

Esta circunstancia afecta de xeito fundamental no Plan estratéxico da Facultade de Belas Artes.

2. O actual equipo decanal finaliza o seu mandato en marzo do 2026, e dadas as circunstancias expostas no punto anterior, considérase que o centro debe quedar libre de propostas e futuras accións que coarten as directrices dun novo equipo.

Diagnose da situación do centro e as titulacións

Dimensión Interna

Debilidades	Fortalezas
<ol style="list-style-type: none"> 1. Necesidade de adecuar a oferta formativa ás necesidades dun mercado laboral cambiante e que demanda unha formación ao longo de toda a vida. 2. Dificultades na contratación do persoal necesario para formar e potenciar grupos de investigación. 3. Reducido coñecemento de linguas estranxeiras para seren máis competitivos no eido da docencia, da administración, da investigación, da transferencia e, especialmente, na inserción laboral do estudiantado. 4. Envellecemento do cadro do PDI e do PAS. 5. Necesidades de mellora continua nalgúns portais de información e en ferramentas informáticas corporativas respecto da interface, da experiencia de usuario/a, da internacionalización e da accesibilidade. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Oferta de titulacións ben adaptada ás demandas sociais da que se deriva unha elevada porcentaxe de cobertura das prazas. 2. Existencia de persoal investigador e de grupos de investigación competitivos, con experiencia en convocatorias públicas e privadas, nacionais e internacionais. A investigación de calidade. 3. Persoal de administración e servizos (PAS) con alta formación e capacidade. 4. Cadro do persoal docente e investigador en proceso de renovación acorde as necesidades actuais e con capacidade de adaptación a futuros cambios.

Contorna externa

Ameazas	Oportunidades
<ol style="list-style-type: none"> 1. Presión para adecuar de forma inmediata a oferta académica a un tecido produtivo en permanente transformación. 2. Falta de financiamento estable dos grupos de investigación. 4. Crecente valorización social e a nivel lexislativo dos ciclos formativos da ensinanza profesional convertíndoos nunha alternativa competidora da oferta universitaria. 5. Perda de oportunidades na captación e na retención de talento entre o PDI e o PAS, especialmente en áreas de alta demanda de persoal cualificado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Existencia de importantes centros culturais na contorna da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. 2. Crecente conciencia na sociedade da necesidade dunha formación continuada para as persoas ao longo de toda a súa vida. 3. Atención constante as relacións entre a Facultade e os outros centros de ensinanza e empresas. 4. Taxas públicas dos títulos oficiais da UVigo máis baixas de España. 5. Mellora e potenciación das relacións dos grupos de investigación da Facultade de Belas Artes da UVigo con outros grupos das universidades do eixe atlántico.

***Misión, Visión e Liñas estratéxicas**

Misión: A misión da Facultade de Belas Artes está enfocada cara a unha formación académica integral do alumnado que permita acadar unha masa crítica de profesionais cualificados e especializados que cumpran coas necesidades e requirimentos dos campos relacionados co mundo da arte. Así mesmo, a Facultade de Belas Artes aposta de xeito decidido pola investigación e desenvolvemento de calidade, así coma a transferencia de resultados, o cal permite contribuír á xeración de coñecemento e á mellora da súa contorna sociocultural.

Visión: A Facultade de Belas Artes aspira a consolidar e incrementar a calidade das actividades formativas destinadas ós futuros especialistas do sector cultural, os cales deben ter a capacidade de adaptarse á natureza cambiante do mercado laboral, así coma ás necesidades da sociedade.

Ademais, preténdese un incremento da captación de recursos, tanto humanos coma económicos, que permitan incrementar de xeito continuo a produtividade en termos de investigación, desenvolvemento e transferencia, sen esquecer a difusión das actividades científico-culturais levadas a cabo no Centro cara a unha maior interacción co tecido produtivo próximo.

Eixos estratéxicos	Obxectivo estratéxico institucional	Liña estratéxica do centro	Obxectivos de Calidade do centro
Formación, investigación e transferencia	Obxectivo 1. Promover unha oferta de grao e de posgraos plurilingüe, sostible e de calidade contrastada, tanto presencial coma en liña, en consonancia coa demanda da contorna.	Desenvolver unha actividade académica e formativa ligada ás necesidades e expectativas da sociedade para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións sen renunciar aos fins da Universidade de Vigo.	Realizar un seguimento continuo dos resultados académicos mais relevantes manténdoo baixo umbrais apropiados.
Formación Organización e recursos Investigación e transferencia. Persoas	Obxectivo 2. Desenvolver unha oferta de titulacións propias, tanto presencial coma en liña, que responda ás necesidades da contorna. Obxectivo 3. Captar estudantado con talento e garantir o acceso universal á educación pública universitaria. Obxectivo 4. Captar PDI e PAS con talento.	Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, necesidades e expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas súas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión. Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e procesos a ela vinculados.	Adaptar a oferta formativa á demanda sen renunciar aos fundamentos académicos da Universidade. Adaptar o perfil de ingreso do alumnado ao perfil requirido.

<p>Organización e recursos.</p> <p>Relación coa sociedade.</p>	<p>Obxectivo 5. Mellorar e xestionar de forma eficiente e sostible as infraestruturas universitarias.</p>	<p>Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) coma de todos os procesos vencellados coa calidade que afectan ao centro e ás súas titulacións.</p> <p>Reforzar e fomentar as prácticas externas, así como a realización de TFG, TFM e teses de doutoramento para mellorar a conexión coa sociedade.</p>	<p>Xestionar de forma efectiva os programas formativos.</p> <p>Certificación da implantación do SGC do centro.</p>
<p>Organización e recursos</p>	<p>Obxectivo 8. Coidar o desenvolvemento persoal e profesional da comunidade universitaria.</p>	<p>Desenvolver mecanismos que permitan atender ás necesidades dos grupos de interese e mellorar a súa satisfacción respecto das actividades desenvolvidas no marco das titulacións e o centro.</p>	<p>Mellorar a satisfacción dos grupos de interese.</p>

Metodoloxía de elaboración e tramitación do programa



